

# Serra da Enciña da Lastra

Declarado Parque Natural no 2002

## Paisaxe mediterránea única en Galicia

- As aciñeiras dallen o nome ao Parque (cobren a terceira parte do mesmo e son as máis extensas de Galicia) e por iso conta a lenda que unha gran árbore desta especie servía de guía aos viaxeiros que por aquí pasaban noutros tempos.

## Localización

- Ubicada no concello de Rubiá, pertencente á comarca ourensana de Valdeorras, limítrofe co O Bierzo (León).

## Non debes perder

- Percorrer a ruta Val do Sil e ver os farallón calcáreos.
- Recoñecer alguha das especies de orquídeas, a mellor representación do territorio galego.
- Identificar un gran número de especies mediterráneas.
- Subir a algúns dos 9 miradoiros para gozar coas vistas panorámicas:

## Características

- É o máis novo dos seis parques naturais de Galicia.
- Conta cunha aromática flora endémica formada por máis de 25 especies de orquídeas.
- Ten o clima máis seco da comunidade. Un mediterráneo tépedo que favorece a existencia de bosques e arbustos típicos dese clima e escasos no noso territorio.
- Conta con innumerables covas ou "palas" residencia dunha das colonias de morcegos máis ricas de Galicia.
- Os canóns fluviais son hábitats de aves de rapiña o que fan desta serra conte coa maior concentración de aves nidificantes de Galicia.
- O río Galir alberga unha das escasa poboacións de cangrexo de río autóctono.
- Visitas: 10 sendeiros acondicionados e sinalizados







# O Invernadoiro

Declarado Parque Natural no 1997

## Localización


- Enclavado na parte sur do Macizo Central Ourense e conformada polos vales dos ríos Ribeira grande e Ribeira pequena atopamos esta preciosa zona de montaña.
- Pertence a comarca de Viana e linda coas Terras de Trives e Verín (comarcas de entroido por excelencia)

## Non debes perder

- Observar o territorio do xabaril, o lobo, o corzo, cervo ou a cabra montesa.
- Disfrutar do silencio, xa que é o único Parque Natural Galego deshabitado.
- Percorrer as sendas da Auga ou das Troitas.
- As paisaxe cambiante. Desde a blanchura da neve en inverno ata os cores malvas das uceiras en primavera.
- O patrimonio industrial da época da Papeleira Española.

## Sabiades qué?

- O Invernadoiro só se pode acceder con permiso porque é un espazo de máxima protección pero unha vez alí poderedes disfrutar das seis rutas habilitadas para coñecelo.



- As maiores elevacións atópanse na Serra da Queixa e o punto máis alto atópase na estación de montaña de Cabeza de Manzaneda.



## Flora

- Ten bosques autóctonos que contan con especies atlánticas e mediterráneas como o carballo común e o carballo melojo.
- Unha das manchas arbóreas máis curiosas é o Bidueiral de Montederramo, propiciado pola necesidade desta madeira para os antiguamente numerosos “zoqueiros” (artesáns fabricantes de zocos) e carpinteiros da zona.



## Curiosidades

- O invernadoiro pertenceu durante cinco séculos á familia nobre dos Cadórniga. Despois pasou a ser propiedade da Papeleira Española iniciándose as primeiras repoboacións forestais e no verán de 1979 un impresionante incendio case o reduce a cinzas.
- En 1984 formou parte do patrimonio de tódolos/as galegos/as declarándoo Parque Natural.



# Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixián

Declarado Parque Natural no 1992

## Localización

- A extensa duna móbil (1 km de longo, 250m de ancho e 15 m de alto) é un dos maiores atractivos deste espazo natural, xunto coa lagoa de Vixián (auga doce) e a de Carregal (auga salobre)



- O Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia (CIELGA) é un espazo divulgativo que da a coñecer as características deste paraxe .
- A gran rede de pasarelas de madeira permiten percorrer o Camino da auga, Camino do mar e Camino do vento.

## Humedais

- As zonas anegadas constitúen humedais de importancia internacional no paso de aves que aniñan no lugar.
- Na lagoa de Vixián hai un observatorio




## Sabíades qué...

- Nos día despexados, desde o mirador de Pedra da Ra, vese o cabo de Fisterra e as illas Atlánticas : Sálvora o perfil dan Ons e Cíes.
- Preto atópanse: o castro de Porto de Abaixo e o dolme de Axeitos

- Existen varias lentas sobre este lugar de beleza singular: Lenda da cidade asolagada, Lenda da duna e a Lenda do Apóstolo. Anímate a investigar!



- As dunas presentan un perfil asimétrico. Ao lado de barlovento ten menor pendente e é máis longo; mentres que o lado de sotavento ten maior pendente.





# Fragas do Eume

Declarado Parque Natural no 1997

## Localización

- Está situado o nordeste da provincia da Coruña, entre a Ría de Ares- Betanzos e a Serra da Loba.
- É o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa e un dos escasísimos bosques deste tipo no continente.

## Significado do nome

- En Galicia chamámoslle fragas ás zonas de bosques (atlántico caducifolio europeo), ao interior das cales sempre chega a luz velada por miles de millóns de polas. As fragas (formadas por carballeiras, soutos, bidueiras...) son as selvas galegas, recordo do interminable bosque que un día foi o continente europeo.
- No seu interior perdura a humidade, a frescura, a temperatura case constante e, sobre todo, a vida.
- O verdadeiro eixo do parque é o río Eume, que desde hai 65 millóns de anos as súas augas danlle forma ao canón que surca as Fragas.

## Patrimonio material

- Mosteiro de Monfero
- Mosteiro de Caaveiro

## Miradores

- A Carboeira
- Canón do Eume.
- Pena de Teixo.
- Pana Cavada



# Monte Aloia

Declarado Parque Natural no 1978

## Localización

- Atópase situado no concello de Tui, comarca do Baixo Miño (Pontevedra).
- A atalaia do Monte Aloia sitúase no límite sur da Serra do Galiñeiro e foi o primeiro Parque Natural de Galicia.
- É un auténtico pulmón verde cunhas vistas privilexiadas do tramo final do Miño, o río máis importante de Galicia.

## LParaxe para disfrutar

- Dispón dunha extensa rede de camiños, 6 miradoiros e multitude de merendeiros para gozar da natureza a carón da veciña Portugal.

## Asentamentos

- As súas condicións naturais favoreceron o asentamento humano desde tempos remotos. No Alto dos Cubos houbo ata 5 citáneas (ciudades fortificadas prerromanas).

## Variedade de hábits

- A súa superficie arborada está composta por especies autóctonas e exóticas o que da lugar a un arboreto de gran interese.

## Patrimonio inmaterial/material

- O carácter mítico de Monte Aloia favorece a existencia de moitas lendas.
- Patrimonio material:  
Casa Forestal Enxeñeiro Areses.  
Ermida de San Fins, San Xiao.  
Muralla Cíclópea.

...





# Baixa Limia - Serra do Xurés

Declarado Parque Natural no 1993

## Localización

- Situado na provincia de Ourense limita con Portugal. Xunto co veciño Parque Natural de Peneda- Geres (situado en Portugal) conforma o núcleo de Reserva da Biosfera Transfronteriza Geres - Xurés.



## Biodiversidade única

- Presenta unha orixinal climatoloxía por atoparse en plena transición entre as rexións oceánica e mediterránea. Dándose multitude de microclimas e biodiversidade case única na Península Ibérica como por exemplo o azareiro considerado en perigo de extinción.



## Sabías que..?

- É o parque con maior extensión dos seis que hai en Galicia.
- A provincia de Ourense conta coa maior rede de balnearios de toda Galicia e por iso o turismo termal aos pés do Xurés pode ser unha boa opción para coñecer este territorio.
- Hai tres produtos gastronómicos típicos da zona relacionados co aproveitamento dos recursos naturais do Xurés: o mel, a carne de vaca cachena e o queixo de cabra.



## Qué curioso!

- O Couto Mixto era un territorio que funcionou como unha República Independiente das coroas española e portuguesa.
- Os seus habitantes gozaban de privilexios como non estar obrigados a adquirir unha determinada nacionalidade, non pagar impostos ou non realizar o servizo militar.

## Miradores

- A Clamadoira.
- Corga da Fecha.
- Gustomeau.
- Xordos.
- ...



# Parque Nacional das Illas Atlánticas

Declarado Parque Nacional no 2002

## Localización

- O Parque Nacional das Illas Atlánticas está formado por catro arquipélagos: Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora.
- Pertencen as provincias da Coruña e Pontevedra.

## Illas Cíes

- O arquipélago está formado por tres illas: Monteagudo, o Faro e San Martiño.
- O diario "The Guardian" considerou o areal de Rodas como o mellor do mundo. Nada ten que envidiar as praias caribeñas agás a temperatura da súa auga.

## Illas Ons

- O arquipélago está formado por tres illas: Ons, Onza e Freitosas.
- En Ons, cara que da contra mar aberto é agreste e propicia para a formación de covas mariñas (Furnas) coma a do Buraco de Inferno.
- É moi famoso o polbo á Illa.



Sabías que?



- Antigamente algunhas delas foron refuxios de piratas.
- Todas atópanse deshabitadas agás a illa de Ons.
- A gaviota autóctona deste paraxe é a Patiamarela.



## Sálvora

- Illa cargada de lendas e historias mariñeras.
- Atómos alí unha fábrica de salazón que se convertiu en pazo, unha aldea con 8 hórreos e unha capela.

## Cortegada

- Formada por un espeso pinar e un bosque de laureis.